

## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 22 DE XULLO DE 2011.**

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 22 de xullo de 2011, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

### **ALCALDE:**

D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE)

### **CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:**

D<sup>a</sup>. MARÍA DEL CARMEN REY TUÑEZ. (PSG-PSOE)

D. RAMÓN RODRÍGUEZ ROMARÍS. (PSG-PSOE)

D<sup>a</sup>. PATRICIA VÁZQUEZ LAMAS. (PSG-PSOE)

D. JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ BOUZAS ESPARÍS. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE)

D. CARLOS TOMÉ FONDO. (PP)

D<sup>a</sup> MARÍA DEL MAR COBAS CAJUSO. (PP)

D<sup>a</sup> MERCEDES GLORIA VÁZQUEZ GARCÍA. (PP)

D<sup>a</sup> MÓNICA PATO MAGARIÑOS. (PP)

### **NON ASISTE:**

D. XESÚS PENA ESPÍÑA.(BNG)

SECRETARIO: D. JAVIER NIEVES GONZÁLEZ, Secretario do Concello.

Asiste D<sup>a</sup>. ANA MARÍA GÓMEZ PEÑA, Interventora do Concello.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos conforme á seguinte orde do día que figura na convocatoria:

---

1º) APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO 17 DE XUÑO E DO 23 DE XUÑO DE 2011.

2º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO CONTRA ACORDO DO PLENO DO 16 DE FEBREIRO DE 2011, DE CORRECCIÓN DE ERROS DO PXOM.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DERROGACIÓN E APROBACIÓN DE NOVA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS CULTURAIS, EDUCATIVOS, DEPORTIVOS E DE OCIO.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS E DACIÓN DE CONTA DE INFORME DE AVALIACIÓN DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.

---

1º) APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO 17 DE XUÑO E DO 23 DE XUÑO DE 2011.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo ás actas das sesións do 17 de xuño de 2011 e do 23 de xuño de 2011.

Sometidas a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos doce membros presentes acorda aprobalas coa seguinte corrección de erros materiais: Na acta da sesión do 17 de xuño na páxina núm. 12, no punto 9 da orde do día, no apartado dispositivo 1, na alínea 6, onde di segundo debe dicir primeiro.

2º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO CONTRA ACORDO DO PLENO DO 16 DE FEBREIRO DE 2011, DE CORRECCIÓN DE ERROS DO PXOM.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 13 de xullo de 2011 ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 21 de xullo, que transcrita di:

Visto o recurso de reposición presentado por D. José Manuel Cornes Rey contra o acordo do Pleno do Concello de data 16 de febreiro de 2011, no que se acordou: Non proceder a corrección do erro material no plano nº 2, folia nº 94-86 /120-16 do PXOM, posto que se pretende corrixir o trazado do vial que linda coa parcela do solicitante polo seu vento oeste e sita nas inmediacións da aldea de Xinzo ( Bastavales ), posto que non se trata dun erro, senón dunha solicitude de modificación do PXOM, posto que o que se pretende co presente expediente é a detección e posterior corrección de erros materiais e que teñen que ver co descoído á hora de grafiar a trama identificativa das aliñacións dos camiños vertebradores dentro dos núcleos rurais e non a corrección e variación de trazado de viais.

Visto o informe do arquitecto municipal do 14 de abril de 2011.

Visto o informe xurídico-proposta de resolución do asesor xurídico urbanístico do Concello de data 1 de xullo de 2011, que transcrito di:

ANTECEDENTES DE FEITO:

1.- Con data do 07.10.10 (r.e. 3241) D. Manuel Cornes Rey solicitou neste Concello a inclusión no planeamento dun camiño no lugar de Xinzo.

2.- Mediante providencia da Alcaldía do 25.11.10 iniciouse a tramitación dun expediente de corrección de erros do PXOM, co obxecto de corrixir os erros materiais atopados nas aliñacións dos camiños existentes dentro dos núcleos rurais.

3.- Mediante acordo do Pleno do 16.02.11 resolveuse non rectificar os erros en relación ao camiño sinalado por D. Manuel Cornes Rey.

4.- Con data do 08.04.11 (r.e. 882) D. Manuel Cornes Rey presenta recurso de reposición contra o acordo do Pleno de 16.02.11, no que en síntese alega que o que pedía no seu escrito de 07.10.10 non era a corrección do trazado do camiño senón a inclusión dun camiño que na actualidade non está grafiado.

5.- Con data do 14.04.11 o arquitecto municipal emite informe sobre o recurso presentado, no que sinala que o que pretende o recorrente non entra dentro da casuística que motivou a tramitación da corrección de erros.

#### INFORME XURÍDICO.

En relación co recurso de reposición presentado con data do 08.04.11 (r.e. 882) por D. Manuel Cornes Rey contra o acordo do Pleno municipal do 16.02.11, infórmase:

#### 1.- CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS ADXECTIVOS DETERMINANTES DA ADMISIÓN A TRÁMITE:

Cúmprense os requisitos adxectivos determinantes da admisión a trámite do recurso por terse presentado dentro do prazo, por persoa interesada e contra un acto susceptible do mesmo (cfr. Art. 107 e ss. da Lei 30/92.)

#### 2.- CONTIDO DO RECURSO:

No recurso alégase, unicamente, que o que se solicita non é a corrección do trazado do camiño senón a inclusión do “camiño antigo” que actualmente non está grafiado.

#### 3.- FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Tanto no caso de que o que se pretendera fora a corrección do camiño como a inclusión do mesmo na planimetría do PXOM, ningunha das ditas pretensións atopa acomodo no expediente de corrección de erros tramitada polo Concello, e iso por canto a mesma iniciouse coa fin de corrixir os erros materiais detectados e que teñen que ver co descoido á hora de grafiar a trama identificativa e das aliñacións dos camiños vertebradores **dentro dos núcleos rurais**, como textualmente se recollía no informe técnico emitido polo arquitecto municipal respecto da solicitude inicial do recorrente.

Pero debe sinalarse que o camiño referido non se atopa dentro dun núcleo rural, senón que segundo as propias manifestacións do interesado e a documentación que consta no expediente, é un camiño de comunicación de fincas de concentración parcelaria, o cal o exclúe do obxecto do expediente de corrección de erros.

En todo caso, a pretensión de inclusión do camiño ao que se refire o recorrente debeuse solicitar no seu día no trámite de exposición pública do PXOM, ou ben mediante recurso dirixido contra a aprobación definitiva do mesmo.

Á vista do exposto, e de conformidade coa normativa citada e demais de legal e pertinente aplicación, propónse ao Pleno a adopción da seguinte resolución:

**PRIMEIRO: DESESTIMAR EXPRESAMENTE** o recurso de reposición presentado por D. Manuel Cornes Rey con data do 08.04.11 (r.e. 882) contra o acordo do Pleno do Concello de 16.02.11, confirmando en todos os seus termos o devandito acordo.

SEGUNDO: NOTIFICAR a resolución que se dite ao interesado, con expresión dos recursos que procedan, advertíndolle que contra o acordo de desestimación dun recurso de reposición, que é definitivo na vía administrativa, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir da recepción da correspondente notificación, posto que contra a resolución dun recurso de reposición non cabe interpoñer novamente o mesmo recurso.

Considerando que o órgano competente para a resolución do recurso é o Pleno do Concello, ao abeiro do disposto no art.13.2.c) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Desestimar o recurso de reposición presentado por D. Manuel Cornes Rey con data do 08.04.11 (r.e. 882) contra o acordo do Pleno do Concello de 16.02.11, polos motivos anteriormente expostos no informe xurídico, confirmando en todos os seus termos o devandito acordo.

2º) Notificar o acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor:12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8) e PP (4).

Votos en contra:0.

Abstencións:0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DERROGACIÓN E APROBACIÓN DE NOVA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE SERVICIOS CULTURAI, EDUCATIVOS, DEPORTIVOS E DE OCIO.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 18 de xullo de 2011 ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas en sesión do 21 de xullo, que transcrita di:

Resultando que no mes de setembro comencan as inscricións nas distintas actividades culturais, educativas, deportivas e de ocio prestadas polo Concello.

Resulta polo tanto preciso aprobar o establecemento de prezos públicos e unha ordenanza fiscal reguladora dos mesmos co fin de conseguir un maior cofinanciamento dos gastos orixinados pola prestación de estos servizos e así poder seguir prestándoos, e por conseguinte derrogar a ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio vixente que foi publicada definitivamente no BOP nº274 de 27 de novembro de 2008.

Visto o expediente tramitado e o informe de Intervención, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente o establecemento de prezos públicos e a ordenanza fiscal 20-pp reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, que de seguido se transcribe:

## **ORDENANZA FISCAL 20-PP REGULADORA DE PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS CULTURAIS , EDUCATIVOS,DEPORTIVOS E DE OCIO.**

### **Artigo 1.º Fundamento.**

De conformidade co previsto no artigo 41, en relación co 127, ámbolos dous do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e demais normativa concordante de aplicación, este Concello establece os prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio polo Concello de Brión.

### **Artigo 2.º Concepto.**

Os prezos públicos regulados nesta ordenanza constitúen uns ingresos de dereito público que se satisfarán polos usuarios que voluntariamente soliciten os servizos culturais, educativos, deportivos ou de ocio prestados polo Concello de Brión.

### **Artigo 3.º Obrigados ó pagamento.**

Están obrigados ao pagamento dos prezos públicos regulados nesta ordenanza os que soliciten ou se beneficien da prestación dos servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio prestados polo Concello e especificados no artigo 4.º da presente ordenanza.

### **Artigo 4.º Tarifas e Bonificacións**

4.1. Os prezos públicos que se deben pagar ao Concello pola prestación dos servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio municipais, cinguirase ás seguintes tarifas:

#### **TARIFA 1. Servizo de escolas deportivas.**

	<b>Concepto</b>	<b>Tarifa</b>
1.1	Escola deportiva de patinaxe	80,00 €
1.2	Escola deportiva de baloncesto	80,00 €
1.3	Escola deportiva de iudo	80,00 €
1.4	Escola deportiva de tenis	80,00 €
1.5	Escola deportiva de futbol sala	80,00 €
1.6	Escola deportiva de futbol sete	80,00 €
1.7	Escola deportiva de predeporte	80,00 €
1.8	Escola deportiva de ximnasia rítmica	80,00 €
1.9	Outras escolas deportivas	80,00 €

#### **TARIFA 2. Actividades deportivas para adultos.**

	<b>Actividade deportiva</b>	<b>Tarifa</b>
2.1	Pilates	120,00 €
2.2	Ximnasia de mantemento	120,00 €
2.3	Aerobic	120,00 €
2.4	loga	120,00 €
2.5	Outras actividades deportivas para adultos	120,00 €

### **TARIFA 3. Outras actividades deportivas**

	<b>Actividade deportiva</b>	<b>Tarifa</b>
3.1	Piragüismo ata 16 anos	30,00 €
3.2	Piragüismo a partir de 16 anos	40,00 €
3.3	Rutas de sendeirismo realizadas fora do termo municipal	8,00 €

### **TARIFA 4. Servizos da Escola municipal de Música Magariños**

	<b>Actividade musical ( PEX Nivel I)</b>	<b>Tarifa</b>
4.1	1º e 2º Curso , por curso	44,80 €/trimestre
4.2	3º e 4º Curso , por curso	44,80 €/trimestre

	<b>Actividade musical ( PEX Nivel II)</b>	<b>Tarifa</b>
4.3	1º , 2º,3º,4º,5º Curso , por curso	127,80 €/trimestre

	<b>Actividade musical ( PEX Nivel III)</b>	<b>Tarifa</b>
4.4	1º Curso, por curso	127,80 €/trimestre
4.5	2º,3º,4º,5º , 6º Curso, por curso	127,80 €/trimestre

	<b>Actividade musical ( PEA Nivel II)</b>	<b>Tarifa</b>
4.6	1º, 2º,3º,4º,5º Curso , por curso	127,80 €/trimestre

	<b>Actividade musical ( PEA Nivel III)</b>	<b>Tarifa</b>
4.7	1º Curso, por curso	127,80 €/trimestre
4.8	2º,3º,4º,5º , 6º Curso, por curso	127,80 €/trimestre

	<b>Outras Actividades musicais</b>	<b>Tarifa</b>
4.9	Obradoiro de Pre-Iniciación Musical	35,50 €/trimestre

#### **TARIFA 5. Escola de danza e música tradicional**

	<b>Actividades de danza e música tradicional</b>	<b>Tarifa</b>
5.1	Baile moderno	80,00 €
5.2	Baile galego	80,00 €
5.3	Pandeireta	80,00 €
5.4	Outras actividades de danza ou música tradicional	80,00 €

#### **TARIFA 6. Outras actividades culturais**

	<b>Actividade cultural</b>	<b>Tarifa</b>
6.1	Xogando cos contos	80,00 €
6.1	Obradoiro de Novas Tecnoloxías	80,00 €
6.2	Obradoiro de Pintura	80,00 €
6.3	Obradoiro de Inglés	150,00 €
6.4	Outros obradoiros culturais	80,00 €

#### **TARIFA 7. Talleres**

Tarifa	Talleres	Tarifa
7.1	Taller de manualidades	40,00 €/trimestre

#### TARIFA 8. Actividades de ocio para maiores

Tarifa	Actividades de ocio para maiores	Tarifa
8.1	Actividades acuáticas	30,00 €/trimestre
8.2	Obradoiro de memoria	30,00 €/trimestre
8.3	Obradoiro de Ximnasia	30,00 €/trimestre
8.4	Obradoiro de Informática	30,00 €/trimestre

4.2 As tarifas anteriores redúcense pola aplicación das seguintes bonificacións:

a) Tarifa 1, 5 e 6 .Servizo de escolas deportivas , Escola de Danza e Música Tradicional e Outras actividades Culturais : A inscrición nunha actividade das que figuran nestas tarifas, por temporada e por alumno será de 80 euros agás na actividade de Obradoiro de Inglés que será de 150 euros, por temporada e alumno. No caso de inscribirse en máis dunha actividade aplicarásese unha bonificación do 50% na tarifa de cada unha das restantes actividades. A estos efectos se considerará que a primeira actividade será a de importe superior.

As familias con dous fillos e as consideradas numerosas , terán unha bonificación do 50% no segundo fillo e do 100% no terceiro e subseguintes. No caso de que o segundo fillo se inscribise nunha segunda actividade , esta bonificación do 50% non será acumulable á bonificación do 50% recollida no parágrafo anterior.

Aos efectos de aplicar as bonificacións previstas partirase sempre da tarifa de importe máis elevado.

A os efectos de aplicar a bonificación prevista para as familias con dous fillos e as numerosas, terá a consideración de primeiro fillo o de maior idade, e así sucesivamente.

b) Tarifa 2 , Actividades deportivas para adultos: A inscrición nunha actividade deportiva para adultos por temporada e por alumno será de 120 euros. No caso de inscribirse en máis dunha actividade aplicarásese unha bonificación do 50% na tarifa de cada unha das restantes actividades.

c) Tarifa 4 , Escola de música municipal Magariños :

Bonificación por segunda especialidade instrumental: No caso de que un alumno se inscribise nunha segunda especialidade instrumental, aplicarásese unha bonificación do 90% na tarifa da segunda especialidade.

Bonificación membros Asociación Banda de Música Municipal de Brión: No caso de aqueles alumnos que sexan membros da Asociación da Banda de Música Municipal de Brión e que se inscriban nas actividades da Escola Municipal de Música Magariños aplicaráselles unha bonificación do 50 % na tarifa trimestral que lles corresponda aboar en función do Plan de Estudos no que esten inscritos. Esta bonificación non é compatible coa bonificación de familia



numerosa ou de outras familias. No caso de concorrer nun mesmo alumno dúas bonificacións ( a de familia numerosa ou outras familias e a da Banda) se aplicará unicamente a bonificación de familias numerosas ou outras familias.

Bonificación familias con certificado de familia numerosa: As familias con certificado de familia numerosa aplicaráselles as seguintes bonificacións:

-Ao primeiro membro da familia ( o de maior idade): terá unha bonificación na tarifa trimestral do 50%

-Ao segundo membro da familia ( o seguinte en idade): terá unha bonificación do 75% na tarifa trimestral.

-Ao terceiro membro da familia e seguintes ( os seguintes en idade): terá unha bonificación do 100% na tarifa trimestral.

Bonificación outras familias: As familias con máis de un membro inscrito na escola de música aplicaráselles as seguintes bonificacións:

-Ao primeiro membro da familia ( o de maior idade): terá unha bonificación na tarifa trimestral do 0%

-Ao segundo membro da familia ( o seguinte en idade): terá unha bonificación do 50% na tarifa trimestral.

-Ao terceiro membro da familia ( o seguinte en idade): terá unha bonificación do 75% na tarifa trimestral.

-Ao cuarto membro da familia ( o seguinte en idade): terá unha bonificación do 100% na tarifa trimestral.

d) Tarifa 8 , Actividades de ocio para maiores : As bonificacións aplicables as actividades de ocio para maiores serán as seguintes:

Bonificación por inscrición en máis de unha actividade: No caso de que un alumno se inscribise en máis de unha actividade de ocio para maiores aplicaránse as seguintes bonificacións:

A primeira actividade se lle aplicará unha bonificación do 0% na tarifa trimestral.

A segunda actividade se lle aplicará unha bonificación do 50% na tarifa trimestral.

A terceira actividade se lle aplicará unha bonificación do 50% na tarifa trimestral.

A cuarta actividade se lle aplicará unha bonificación do 100% na tarifa trimestral.

Bonificación por inscrición nas actividades dos dous membros da parella:No caso de que os dous membros da parella esten inscritos nas actividades de ocio para maiores aplicaránse as seguintes bonificacións:

O primeiro membro ( o que este inscrito en máis actividades): se lle aplicarán as tarifas trimestrais correspondentes , e en caso que este inscrito en máis dunha actividade se lle aplicarán as bonificacións por inscrición en máis dunha actividade.

Ao segundo membro ( o que este inscrito en menos actividades): se lle aplicarán as tarifas trimestrais correspondentes , e en caso que este inscrito en máis dunha actividade se lle

aplicarán bonificacións por inscrición en máis dunha actividade. Ao importe total que lle corresponda aboar se lle aplicará unha bonificación do 50%..

#### 4.3 Cursos e obradoiros organizados polo Concello:

O prezo público será fixado pola Xunta de Goberno Local, de xeito que polo número dos solicitantes, se cubra o custo total do curso ou obradoiro, segundo o estudio de custos presentado polo Departamento correspondente na súa proposta, correspondendo á Xunta de Goberno Local a aprobación individualizada de cada prezo á vista da proposta presentada. Porén, cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, debidamente acreditadas mediante informe técnico dos servizos correspondentes, a Xunta de Goberno Local poderá fixar un prezo que non cubra o custo do mesmo, sempre que nos orzamentos exista consignación orzamentaria para a cobertura da diferenza existente.

#### 4.4 Viaxes e excursións organizados polo Concello:

O prezo público será fixado pola Xunta de Goberno Local, de xeito que polo número dos solicitantes, se cubra o custo total do viaxe ou excursión, segundo o estudio de custos presentado polo Departamento correspondente na súa proposta, correspondendo á Xunta de Goberno Local a aprobación individualizada de cada prezo á vista da proposta presentada. Porén, cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, debidamente acreditadas mediante informe técnico dos servizos correspondentes, a Xunta de Goberno Local poderá fixar un prezo que non cubra o custo do mesmo, sempre que nos orzamentos exista consignación orzamentaria para a cobertura da diferenza existente.

#### 4.5. Campamentos e actividades de tempo libre

O prezo público será fixado pola Xunta de Goberno Local, de xeito que polo número dos solicitantes, se cubra o custo total do campamento ou da actividade de tempo libre, segundo o estudio de custos presentado polo Departamento correspondente na súa proposta, correspondendo á Xunta de Goberno Local a aprobación individualizada de cada prezo á vista da proposta presentada. Porén, cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, debidamente acreditadas mediante informe técnico dos servizos correspondentes, a Xunta de Goberno Local poderá fixar un prezo que non cubra o custo do mesmo, sempre que nos orzamentos exista consignación orzamentaria para a cobertura da diferenza existente.

#### 4.6. Inserción de publicidade na revista Altamira.

O prezo público será modificado pola Xunta de Goberno Local, de xeito que polo número dos solicitantes, se cubra o custo total de impresión da Revista, segundo o estudio de custos presentado polo Departamento correspondente na súa proposta, correspondendo a citada Xunta de Goberno Local a aprobación individualizada do prezo á vista da proposta presentada. Porén, cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, debidamente acreditadas mediante informe técnico dos servizos correspondentes, a Xunta de Goberno Local poderá fixar un prezo que non cubra o custo do mesmo, sempre que nos orzamentos exista consignación orzamentaria para a cobertura da diferenza existente.

Inserción dun anuncio en cada número da revista " Altamira"

50,00 €

### **Artigo 5.º Normas de xestión e pagamento.**

1.A obriga ao pagamento do prezo público xurde desde que se inicia a prestación dos servizos culturais, educativos, deportivos ou de ocio enumerados no artigo anterior. Sen embargo, o Concello, de conformidade coa habilitación prevista no artigo 46 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, esixirá o depósito no momento da inscrición na actividade, autoliquidando o importe e utilizando o modelo establecido polos Servizos Económicos.

Ás seguintes tarifas permitiráselles os seguintes prazos específicos de pagamento:

a) Tarifas 1,2,5 e 6. O importe total que lle corresponda aboar a cada alumno poderá ser aboado en dous importes iguais nos seguintes prazos:

1º Pazo: No mes de setembro.

2º Pazo: Na primeira quincena de febreiro.

b) Tarifa 4. Se establecen 3 períodos de pago trimestrais, que serán os seguintes:

1º Pazo: Dende o 1 ao 15 de setembro

2º Pazo: Dende o 9 ao 20 de xaneiro.

3º Pazo: Dende o 10 ao 20 de abril.

Aos alumnos que estén en lista de espera e obteñan plaza na especialidade instrumental solicitada, permitiráselles prorratear a tarifa trimestral en tres períodos mensuais iguais. A estes efectos, a data que se terá en conta para calcular o importe a pagar será a data de alta por parte do Concello, así temos que:

Si a data de alta esta dentro do primeiro mes do período trimestral, aboaráse a tarifa trimestral completa

Si a data de alta esta dentro do segundo mes do período trimestral, aboaráse 2/3 da tarifa trimestral.

Si a data de alta esta dentro do terceiro mes do período trimestral, aboaráse 1/3 da tarifa trimestral.

c) Tarifa 7 e 8. Se establecen 3 períodos de pago trimestrais, que serán os seguintes:

1º Pazo: Dende o 1 ao 10 de outubro

2º Pazo: Dende o 1 ao 10 de xaneiro.

3º Pazo: Dende o 1 ao 10 de abril.

2. O ingreso do prezo público se fará en calquera das entidades bancarias nas que o Concello ten conta aberta . Non se prestará o servizo solicitado sen a presentación do xustificante de ter ingresado o correspondente prezo público.

3. Só se procederá a devolución do importe do prezo público correspondente, cando concurra algunha das seguintes circunstancias:

1. Que por causas non imputables ao obrigado ao pagamento do prezo, non se preste o servizo por parte do Concello.
2. Que se comunique por escrito a baixa na actividade cunha antelación mínima de cinco días ao departamento xestor e con carácter previo o seu inicio, e esta non supoña un perxuício a outros interesados.

Para proceder a devolución do prezo público a Intervención municipal solicitará informe ao xefe do departamento correspondente a acreditación dos anteriores circunstancias.

4. No caso de existir varias solicitudes coincidentes darase preferencia no caso dos particulares aos empadroados no Concello de Brión e no caso de entidades ás que teñan a súa sede social no Concello.

5. A proposta do departamento de Servizos Sociais, para aqueles casos valorados técnicamente como persoas en situación de “difícil integración” e con informe favorable emitido por un Traballador Social Municipal, a Xunta de Goberno Local, poderá acordar unha bonificación de ata o 100% das tarifas reguladas na presente ordenanza.

6. As débedas por prezos públicos poderán esixirse polo procedemento de apremio.

#### Artigo 6º. Delegación na Xunta de Goberno Local.

No suposto de que o servizo ou actividade cultural, educativa, deportiva ou de ocio a prestar polo Concello, non se atope tarifada na presente Ordenanza ou resulte necesaria a modificación ou actualización das contías, delégase na Xunta de Goberno Local, conforme os artigos 47 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 23.2 b) da Lei 7/85, de 2 de abril, o establecemento da tarifa ou a actualización da mesma, a proposta do servizo técnico correspondente co previo informe do interventor municipal.

#### **Disposición derogatoria**

Coa entrada en vigor da presente ordenanza fiscal queda derogada a anterior ordenanza reguladora do prezo público polos sevizos culturais, educativos, deportivos e de ocio prestados polo Concello de Brión publicada definitivamente no BOP nº274 de 27 de novembro de 2008.

#### **Disposición derradeira**

A presente ordenanza fiscal, reguladora do prezo público pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, unha vez aprobada definitivamente, será publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor unha vez transcorrido o prazo de 15 días previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e manteráse en vigor mentres non se acorde a súa derogación ou modificación expresa.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do concello e no B.O.P., prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no B.O.P., dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da ordenanza aprobada no BOP e entrará en vigor unha vez transcorrido o prazo de 15 días previsto no art. 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Debate:

A Srª. Concelleira Vázquez García sinala que pola situación económica do Concello xerada polo seu partido Sr. Alcalde, recorta os escasos beneficios dos veciños do Concello e segue mantendo os gastos suntuosos e o clientelismo, e ademais delega na Xunta de Goberno Local a aprobación dos prezos públicos e non poderemos ver os expedientes e por todos estes motivos votamos en contra.

O Sr. Alcalde sinala que o meu partido non me dixo nada da ordenanza, hai que sinalar que con estes prezos públicos grazas ás bonificacións non cubren nin o 88% do custe das actividades cando debería custearse o gasto polo 100%.

A Srª. Concelleira Vázquez García sinala que non é lóxico que neste momento de crise económica se modifique a ordenanza e que as familias teñan que pagar máis por estes servizos.

O Sr. Alcalde sinala que a maioría dos servizos xa existían e algúns baixarán polas bonificacións.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor:8, pertencentes ao grupo municipal do PSG-PSOE (8).

Votos en contra:4, pertencentes ao grupo municipal do PP (4).

Abstencións:0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

#### 4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS E DACIÓN DE CONTA DE INFORME DE AVALIACIÓN DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 13 de xullo de 2011 ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas en sesión do 21 de xullo, que transcrita di:

Ante circunstancias sobrevidas á aprobación do orzamento e debido a necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, é necesario realizar axustes en varias partidas, dado que non existe no orzamento da corporación crédito ou este é insuficiente, tales como:

- Obra de desvío de colector de saneamento existente no cauce do Río Pego.
- Sustitución do peche de entrada ao Colexio de Primaria e reformas sobre o mesmo.
- Inspección de vertedoiros de RSU clausurados.
- Servizo de Recaudación de Impostos e taxas pola Deputación Provincial.
- Servizo de transporte ao Centro Médico.
- Eliminación de residuos producidos nas obras municipais.
- Analíticas fosas sépticas.
- Servizos de saneamento e depuración e traballos de saneamento
- Traslado de acometida e contador repetidor Protección Civil.
- Instalación de luminarias.
- Instalación de Marquesinas.
- Mantemento e conservación vías públicas 2º semestre
- Vallas móbiles protección seguridade vial edificio COPRODE
- Expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 01/2011.
- Seguro edificios municipais
- Traballos de limpeza xeral anual da Escola Infantil municipal.

Conforme as disposicións vixentes, cando se deba realizar algún gasto para o que non exista crédito orzamentario ou este sexa insuficiente no Orzamento vixente, a Corporación poderá acordar un crédito extraordinario ou un suplemento de crédito respectivamente Tal modificación de créditos deberá atenderse indistintamente, co remanente líquido da Tesourería dispoñible no momento da tramitación do expediente, procedente do sobranse da liquidación do exercicio anterior, con novos ou maiores ingresos recaudados sobre os totais previstos no Orzamento corrente, ou ben anulando ou minorando o crédito necesario doutras partidas do orzamento, das dotacións que se estimen reducibles, sen perturbación do respectivo servizo. Tamén poderán financiarse con recursos procedentes de operacións de créditos nos casos previstos no art. 36 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Esta Alcaldía co debido asesoramento dos técnicos municipais, estima procedente tramitar o correspondente expediente de modificación de créditos, sendo os recursos que financiarán o citado expediente o remanente líquido de tesourería para gastos xerais, e na súa virtude, previo estudo das necesidades, de carácter inaplazable, someto a consideración do Pleno do Concello a modificación que a continuación se especifica e a adopción do seguinte acordo:

1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos MC 22/2011, de créditos extraordinarios e suplemento de créditos financiado con cargo a remanente líquido de tesourería para gastos xerais, por importe de 223.353,80 euros, de acordo co seguinte esquema:

**1º CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS ( partidas non dotadas no orzamento )**

CÓDIGO DE PROXECTO	PARTIDA ORZAMENTARIA	FINS A QUE SE DESTINAN OS CRÉDITOS	CONSIGNACIÓN
	134/619.00	Traslado de acometida e contador para suministro eléctrico repetidor P. Civil	438,39
	162/227.99	Inspección de vertedoiros de RSU clausurados.	3.182,00
	165/609.00	Instalación de novas luminarias	4.000,00
<b>TOTAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO</b>			<b>7.620,39</b>

**2º SUPLEMENTOS DE CRÉDITO ( partidas dotadas insuficientemente )**

